



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA A ECONOMÍA ENERXÉTICA PARA A CELEBRACIÓN DO DECIMO CUARTO CONGRESO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA A ECONOMÍA ENERXÉTICA – “TRANSICIÓN ENERXÉTICA, INDUSTRIA E EMPREGO” A CELEBRAR NA CIDADE DA CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Enerxía e Minas está formalizando coa Asociación Española para a Economía Enerxética o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de xaneiro de 2019 ata o 31 de marzo de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é o establecemento dun sistema de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Asociación Española para a Economía Enerxética (AEEE), para a organización do XIV Congreso da Asociación Española para a Economía Enerxética – “Transición enerxética, industria e emprego”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Asociación Española para a Economía Enerxética é unha asociación de ámbito nacional, sen ánimo de lucro e que ten entre os seus fins, os seguintes:

- Facilitar a comunicación profesional e o intercambio de ideas entre as persoas interesadas na Economía da Enerxía





- Ofrecer difusión e instrución social en cuestións de Economía Enerxética.
- Promover a cooperación internacional na temática da Economía Enerxética.

Sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción, e a tal fin vén desenvolvendo anualmente o Congreso da Asociación Española para a Economía Enerxética, a celebrar este ano na cidade da Coruña entre o 30 de xaneiro e o 1 de febreiro de 2019. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência publica porque o desenvolvemento deste congreso a nivel nacional e internacional realizarase únicamente na cidade da Coruña.

No orzamento de gastos da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o exercicio 2019 inclúese a aplicación 09.20.733A – 781.1 “Axudas á economía enerxética proxecto 2019.00013 – Congreso Asociación Economía Enerxética” sendo a fonte de financiamento de fondos propios libres. De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

